

a execución das obras comprendidas polo proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental antes mencionado.

De conformidade co artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a aprobación dos proxectos de estradas de titularidade autonómica implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto de trazado, o cal, no seu momento, foi sometido á información pública.

A declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras comprendidas no proxecto técnico sinalado, considérase necesaria para completar o eixe viario que une Santiago de Compostela e Ourense, fundamental para equilibrar internamente o sistema viario da nosa comunidade, unha vez executada a primeira fase da citada autoestrada ata o Alto de Santo Domingo, actuación declarada de recoñecida urxencia e interese público debidamente fundada pola Orde do 26 de maio de 1997 (BOE nº 133, do 4 de xuño).

Así mesmo, a dita actuación permitirá dotar o centro xeográfico de Galicia dunha infraestrutura viaria de gran capacidade, apta para mellorar as comunicacións existentes, de elevada sinistrabilidade e deficiente servizo, entre as vilas e cidades polas que atravesa, ao mesmo tempo que impulsará o desenvolvemento destes núcleos de poboación nas súas vertentes económicas e administrativas.

A competencia para declarar a urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta segundo o disposto no artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia, o artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, así como o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa xuntanza do día vinte e nove de decembro de dous mil catro,

DISPÓÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos que se concretan no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución do proxecto de trazado e

estudo de impacto ambiental da obra de enlace de conexión da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense coa N-120, OU-402 e autovía A-52, clave: OU/03/042.01.1.

Santiago de Compostela, vinte e nove de decembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijoo
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 28 de decembro de 2004 pola que se resolve a concesión dos premios á innovación educativa a experiencias de promoción de condutas tolerantes e de mellora de convivencia convocados pola Orde do 18 de xuño de 2004 (Diario Oficial de Galicia do 19 de xullo).

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por Orde do 18 de xuño de 2004 (DOG do 19 de xullo), convocou premios dentro do marco do impulso á innovación educativa nos niveis non universitarios e do recoñecemento do traballo realizado polo profesorado que, individual ou colectivamente, está a levar adiante prácticas educativas innovadoras.

Segundo o disposto no artigo 6 da devandita orde, o día 22 de novembro de 2004 constituíuse o xurado encargado de avaliar os traballos presentados, procedendo á súa valoración e levantándose na mesma data acta da proposta de concesión de premios, que se elevou ao conselleiro para a súa aprobación e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En consecuencia co anteriormente exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios á innovación educativa, convocados pola Orde do 18 de xuño de 2004, aos traballos e profesores que se relacionan no anexo á presente orde.

Segundo.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Un primeiro premio de 5.000 euros ao traballo:

Título: Plano de acollida e integración do alumno inmigrante.

Coord.: Julio Gómez Gómez.

Centro: IES Lagoa de Antela.

Xinzo de Limia (Ourense).

Dous segundos premios de 2.500 euros cada un aos traballos:

Título: Os nosos maiores.

Autora: Ánxeles Rivera Machado.

Centro: CEIP Seis do Nadal.

Vigo (Pontevedra)

Título: Unha presada de historias.

Autor: M^a Carmen Rodríguez Montegrifo.

Centro: CEIP Campolongo.

Pontevedra.

Cinco terceiros premios de 2.000 euros cada un aos traballos:

Título: A cociña como elemento integrador.

Coord.: Aurelia Saa Rodríguez.

Centro: CEIP nº 2 de Tui.

Tui (Pontevedra).

Título: Para unha ensinanza activa: latinismos e expresións latinas colleitas da prensa.

Coord.: Óscar Sánchez Vidal.

Centro: IES Portovello.

Ourense.

Título: Encontrarnos hemos en Compostela.

Coord.: Juan Gordillo Campelo.

Centro: CPI O Cruce.

Cerceda (A Coruña).

Título: A ponte da tregua.

Coord.: Josefa Cuadrado Larrán.

Centro: IES Pedra da Agua.

Ponteareas (Pontevedra).

Título: Semana da Ciencia no IES A Xunqueira e no IES de Poio.

Coord.: M^a Concepción Mora Domínguez e José Manuel Dapena Márquez.

Centro: IES de Poio e IES A Xunqueira.

Poio (Pontevedra) e Pontevedra.

Orde do 29 de decembro de 2004 pola que se convocan as axudas correspondentes ás accións descentralizadas da segunda fase do Programa Sócrates da Unión Europea: Comenius 1: asociacións escolares transnacionais: 1.1. Proxectos escolares, 1.2. Proxectos lingüísticos, 1.3. Proxectos de desenvolvemento escolar. Acollida de axudantes lingüísticos. Visitas preparatorias. Comenius 2.2.: Bolsas individuais de formación: 2.2.A. Futuros profesores, 2.2.B. Axudantes lingüísticos, 2.2.C. Cursos de prácticas (formación continua do profesorado). Grundtvig: Grundtvig: 2. Asociacións de aprendizaxe, Grundtvig 3. Mobilidade para a formación do persoal docente e visitas preparatorias. Observación e innovación: visitas de estudo Arión para responsables na toma de decisións en materia de educación.

O Programa Sócrates é o programa de acción comunitario en materia de educación da Unión Europea para a cooperación transnacional no ámbito da educación e encontra o seu fundamento xurídico nos artigos 149 e 150 do Tratado de Amsterdam, segundo os cales a Comunidade Europea contribuirá ao desenvolvemento da calidade da educación por medio da cooperación entre os estados membros e, se fose necesario, apoiando e completando a súa acción.

A segunda fase do Programa Sócrates foi aprobada por Decisión 253/2000/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xaneiro de 2000 (*Diario Oficial de las Comunidades Europeas* nº L28, do 3 de febreiro), para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2006.

A Comisión Europea efectúa anualmente no DOUE o anuncio público das axudas concedidas no marco do Programa Sócrates. A Guía do Candidato, publicada así mesmo pola Comisión Europea, contén a información sobre os procedementos de solicitude, data límite de presentación de solicitudes e os criterios que deberán ser considerados durante o proceso de selección, distinguindo a propia comisión entre criterios de elixibilidade e criterios de prioridades de selección para percibir a axuda.

Nas accións descentralizadas, os estados membros poderán aplicar os criterios adicionais que se adapten ás necesidades do seu país.

Para garantir a coordinación, a organización e a xestión financeira do programa, créase dentro do ámbito estatal español a Axencia Nacional Sócrates, a que lle corresponde, en nome da Comisión Europea, conceder apoios financeiros mediante axudas ao profesorado e os centros que foran seleccionados polas diferentes comunidades autónomas. Igualmente, a Orde ministerial do 27 de novembro de 2000 (BOE do 19 de decembro, modificada pola Orde do 6 de maio ECD 1141/2002 (BOE do 23 de maio)